

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, 11 DE DECEMBRO DE 2013

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 11 de decembro de 2013

HORA DE COMEZO: 09:15 horas

HORA DE REMATE: 11:25 horas

ASISTENTES

Ricardo Cao Abad,

Óscar Cabeza Gras, director do SAI

Andrés Martínez Lage

Carlos Jiménez González

Ginés Nicolás Costa

José María Aguiar Paz

Gerardo Fernández Martínez

Julián Yáñez Sánchez

Mayte Rodríguez Blas (en representación de Andrés de Blas Varela)

Pilar Rodríguez Barro (se ausenta a las 9:43 h por ter clase)

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

José Manuel Suárez Tiñanes (non é representante)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Informe da dirección dos SAI
3. Debate e aprobación se procedera de Tarifas dos SAI 2014 (Información no ficheiro adxunto)
4. Renovación de membros da Comisión de Usuarios dos SAI, segundo o reflectido no regulamento dos SAI:

Os representantes dos usuarios serán elixidos pola Comisión de Investigación, que informará ao Consello de Goberno, por un período máximo de catro anos. Ademais, garantirase a representatividade das distintas áreas de coñecemento usuarias dos servizos e dos distintos campus da UDC

5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

O director e o vicerreitor piden desculpas pola prema da convocatoria, pensouse en retrasala, pero adiantouse para a aprobación das tarifas.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

A acta apróbase por unanimidade.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

1. Estatística de mostrás:

Dende o ano pasado creceu o número de mostrás analizadas, aínda que non se chega aos máximos dos anos 2008-2009. Crecen os usuarios tipo B/C e descenden os A.

A recadación sube moito, 597.000€, que é un 36% máis que o ano 2012 e un 18% máis do 2009 que foi o máximo de facturación anterior (507.000€). A subida máis importante prodúcese na facturación nos C cun 52%.

O director salienta a importancia dos usuarios tipo C para retornar cartos á Universidade.

2. Enquisas de satisfacción:

En xeral hai pouca participación, que en B e C era o esperado, pero dos A soamente se recibiron o 20% das respostas. Baixa o grado de coñecemento da actividade do SAI na valoración da información da web.

Como resposta, o director propón modificar o contido da web con información actualizada, sobre todo para tipo C, facéndoa máis sinxela. Tamén está pendente traducila ao inglés.

Unha queixa que se repite nos comentarios son os tempos de resposta dalgunhas unidades, estes tempos de resposta longos prodúcense porque algunhas unidades teñen falta de persoal e algunhas máquinas están saturadas.

3. Persoal:

O director informa que antes do 2015 non se vai modificar a RPT e que no SAI hai persoal contratado a través de proxectos ou contratos con empresas.

No caso da Unidade de Análise de Augas (UAA) estase a buscar financiamento a través dos usuarios, porque aínda que parece que a Xunta ten a intención de incorporar aos antigos técnicos do programa Isabel Barreto (IB), parece que non será agora mesmo.

Na Unidade de Microscopía (UM), Catalina Sueiro tamén finalizou o seu contrato. Vaise executar a praza de técnico superior que ocupará Ada Castro e entrará un novo técnico especialista.

Na Unidade de Técnicas Cromatográficas (UTC) contratouse un técnico especialista para a tarde. Gerardo Fernández, técnico superior desta unidade salienta que hai dúas persoas que non están na RPT. Verónica Fdez-Villarrenaga pregunta a qué IB afectará a prórroga, e o Vicerreitor indica que soamente serán aos da derradeira convocatoria.

Agora mesmo o problema máis grave dáse na UAA xa que nela hai ensaios acreditados e buscarase a solución mais axeitada.

4. Equipamento:

O equipamento do anterior FEDER xa está instalado.

Carlos Jiménez pregunta si se poderán usar por usuarios externos, como por exemplo o PLE. Gerardo explica que é un equipo que permite acurtar os tempos de análise e di que podería usalo outros usuarios. Establécese un diálogo entre eles sobre a utilidade da técnica e quedan en seguir falando fóra.

5. Venta de equipos:

Elaborouse un listado de equipos obsoletos, que se pasou á Facultade de Ciencias por si son interesantes para a docencia. Para algúns equipos hai interese exterior e crese que se poden recadar uns 150.000 €.

Por outra banda quérese duplicar e actualizar a instrumentación para algunhas técnicas, coma o MAT95XP e o Delta Plus, que son equipos con alta carga de traballo e que ademais están en obsolescencia, e así melloraríanse os tempos de resposta e aumentar a carga de traballo.

6. Formación:

Durante o 2013 déronse 5 cursos piloto nas instalacións dos SAI e outro nunha empresa. Se a Reitoría está de acordo no 2014 quérense ofertar uns 20-24 cursos, aínda que polo momento hai problemas administrativos.

Os cursos piloto tiveron boa resposta e houbo bastante demanda. Ademais para mellorar a divulgación dos novos cursos contárase coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantes. Tamén a partir de agora abríranse os cursos a novos poñentes e novos temas e teranse en conta as suxestións dos usuarios para organizar os cursos.

As enquisas feitas nos cursos dan, en xeral, bos resultados, pero a queixa principal son os prezos, o director presenta exemplos en función do material do curso e o uso de soporte informático ou equipamento científico. As tarifas están aprobadas polo Consello Social, que tamén regula o diñeiro que cobran os poñentes.

As casas comerciais tamén poden dar cursos nas instalacións do SAI, aínda que sempre teñen carácter comercial, como o de TOPAS que vai dar Bruker e outro de gases por Air Liquide.

Punto 3º. DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDERA, DE TARIFAS DOS SAI 2014

Propónse o incremento das tarifas un 2% polo aumento do IPC.

Baixa a tarifa de secuenciación de ADN pola forte competencia que hai. O bioanализador sube porque subiu moito o prezo dos funxibles, e engádese as tarifas do novo equipo Typhoon, que usárase en autoservizo, pero podería solicitarse a presenza do persoal do SAI.

A UTC mantén a tarifa de EQT PDCC/F + dl-PCBs para manter un prezo competitivo.

Mantense a tarifa de formación para tipo B e C.

Óscar Cabeza propón a creación de tarifas urxentes sobre todo pensando en usuarios tipo C cun incremento da tarifa entre un 50-100% de acordo sempre co técnico superior. Podería ter sentido para algunhas técnicas e así aumentar o retorno á UDC.

Mayte Rodríguez cre que as tarifas subiron no 2012, e propón non aplicar a subida das tarifas a tódolos usuarios tipo A, xa que os grupos de investigación perderon moito financiamento.

O Vicerreitor lembra que no 2013 cambiáronse as tarifas da unidade de UAE e axustáronse algunhas tarifas de UBM.

Carlos Jiménez cree que se o 2% non supón unha gran variación nos ingresos e se compensa con aumento dos usuarios C, pide que por imaxe de cara aos investigadores non subir ese 2%. Julián Yañez e Ginés Nicolás din que as tarifas deben cubrir os funxibles.

A continuación trátase o tema do subministro de nitróxeno líquido aos grupos de investigación. Agora mesmo a asignación anual é de 140 L por grupo, o dewar está no laboratorio químico-biolóxico, e hai moitas perdas por evaporación e calcúlase un desfase de 2/3. Coa nova normativa cada grupo terá 70L/semestre e cobráranse a 2,15 €/L e os litros que se perdan pagaraos a Facultade de Ciencias. O director informa que os SAI pagan 70.000 €/ano en gases e gases licuados, dos que 10.000 € son para N₂ e He líquidos, pero pensa que o prezo do He subirá un 20% pola escaseza mundial.

De novo vólvese ao tema das tarifas. Julián Yañez comenta que el está a favor da conxelación das tarifas, pero se non afecta aos SAI. Mayte cre que os SAI poden asumir a conxelación e Carlos Jiménez pide que se teñan en conta os recortes que sufriron os investigadores.

O Vicerreitor pregunta se as tarifas B e C están automaticamente ligadas ás A. Gerardo Fernández aclara que non necesariamente, porque ás veces a C ponse a nivel do mercado.

O Director lembra a urxencia de aprobar as tarifas para que se podan aprobar as tarifas no Consello Social, así que propón a conxelación das tarifas A, e que os técnicos superiores calculen o custo real de cada análise a modo informativo. Finalmente acéptase a proposta de subida para as tarifas B e C e a conxelación das tarifas A.

O Vicerreitor comenta que si se quere levar as tarifas de mostras urxentes ao Consello Social hai que especificar un prezo. Gerardo Fernández comenta que ese tipo de tarifas son moi delicadas porque poden dar problemas cos usuarios. O director conclúe que hai que madurar a proposta e non se incluírán nesta revisión de tarifas.

Punto 4º. RENOVACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SAI

O director comenta que hai que abrir unha etapa de reflexión sobre o regulamento dos SAI, a actualización máis urxente é con respecto á funcionarización do persoal, xa que o regulamento fala de “persoal laboral”.

Tamén se pregunta se a Comisión de Usuarios pode abrirse aos usuarios B e C. Por outra parte hai que renovar algúns dos representantes dos usuarios na comisión. Carlos Jiménez e Mayte Rodríguez explican as funcións destes representantes, que representan as áreas de coñecemento nas unidades que máis usan. Ginés comenta que algunhas áreas non estaban representadas en Comisións anteriores e que el entrou a través do CIT.

Óscar Cabeza propón que se abra un prazo de propostas para modificar o regulamento, propostas de novos membros e tal vez aumentar o número de representantes por unidades.

Carlos Jiménez comenta que el trae a proposta da Área de Química Orgánica para renovar o seu representante, que sería Marcos Daniel García Romero.

Verónica Fdez-Villarrenaga comenta que no SAI fíxose unha votación para substituír a un representante que cambiou de centro, e resultou elixido Gerardo Fernández.

O director comenta que vai mirar se todas as áreas están ben representadas na Comisión de Usuarios e poñeráse en contacto con elas.

Punto 5º. ROLDA DE PREGUNTAS

Julián Yañez quere destacar a problemática da Unidade de Microscopía, servizo que el pensa que xa naceu torcido polos problemas de persoal que ven sufrindo dende hai tempo e que tivo que ir á USC pola falta de persoal. Afirmar que a unidade necesita dous técnicos, un deles orientado a química e outro para bioloxía. O director infórmao de que agora mesmo xa hai unha segunda persoa pero descoñece o seu perfil. Julián pensa que é unha pena que se perda a unha persoa coa experiencia de Catalina Sueiro, que Ada necesita a outra persoa e que iso repercute na calidade do servizo.

Establécese un diálogo sobre o tema, Verónica Fdez-Villarrenaga suxire que se contrate a Catalina cun 3+3 a partir da lista de agarda de técnico superior. Óscar Cabeza expresa as súas dúbidas se pode haber 2 técnicos superiores na mesma unidade, pero Gerardo Fernández di que non, que pode habelos.

Ginés Nicolas, ademais de insistir na carencia do persoal, tamén comenta que hai equipos que non traballan co sistema informático adecuado porque o ordenador non ten a potencia suficiente como para soportalo.

José Manuel Suárez di que se acaba de comprar un ordenador para microscopía por petición da técnico superior.

Gerardo Fernández expresa a preocupación do persoal pola falta de contratos e pídelles ao Vicerreitor que se flexibilice a contratación do persoal.

O Vicerreitor responde que é consciente do problema, que é xeral, pero que pode haber problemas na seguridade xurídica da UDC. O director comenta que tamén hai problemas administrativos.

Mayte Rodríguez retoma o tema dos tecnólogos Isabel Barreto, o Vicerreitor informa de que a Xunta non sacou ningún programa para tecnólogos e estuda a posibilidade de manter os contratos, especialmente aqueles asociados a servizos centrais e que a Xunta dará fondos ás universidades para manter os contratos. Establécese un diálogo sobre o tema entre os participantes na comisión.

Finalmente Julián Yañez dalle a benvinda a Óscar Cabeza aos SAI e á Comisión de Usuarios.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión da Comisión de Usuarios sendo as 11:25 horas do 11 de decembro de 2013.

A secretaria

Visto e prace

O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Óscar Cabeza GRas